

ALUMBRAMIENTO

Pau Teixidor, 2023

1315

ESTREA EN NUMAX: 19.06.2024 | V.O. | +16 | 100 min

España, 1982. Lucía, de dezasete anos, queda embarazada e a súa nai decide trasladala a Madrid para dar fin a esta situación imprevista e non desexada. A rapaza ingresa en Peñagrande, un centro para adolescentes onde forxará unha forte amizade coas súas compañeiras e descubrirá que se lle quere arrebatarse aquilo que aínda non ten: a súa propia filla.

Filme recomendado para o fomento da igualdade de xénero (ICAA)

«Teixidor acada un equilibrio perfecto entre o trauma e a luz que lle outorga seriedade, honestidade e respecto»

Enid Román Almamsa, CINEMANÍA



Entrevista con Pau Teixidor e Sofía Millán: «Se tes un mínimo de sentimentos, empatizas desde o minuto un coas protagonistas»

Que te inspirou para crear unha historia tan singular e particular? Pau Teixidor

[PT]: A chama que o acendeu todo foi no 2014, cando vin en televisión unha reportaxe sobre bebés roubados. Nese momento o impacto foi moi grande e pregunteime a min mesmo: "Como pode ser que tendo 32 anos, nunca oíse falar antes dun tema tan importante como este?". Vin que non había ningunha película que falase do tema, que era un tema que estaba a saír á luz aqueles anos e que quizais era pertinente que alguén se puxese mans á obra. E aquí estamos!

Cando che presentaron a idea da película, que che pareceu, que sentiches ao ter que interpretar unha situación tan contraria ao que se percibe como ser adolescente? Sofía Milán [SM]

[SM] Víame máis afastada en situación que en idade. Interpretar unha moza máis pequena ca min non me causaba ningún problema. Pero sentín que tiña que achegarme moito máis á época, ao momento que estaba a vivir España coa Transición, a entender socialmente o que estaba a pasar; aí tiven que facer máis traballo.

Chegaches a empatizar coa situación do teu personaxe? M:

M: Si, claro. De feito creo que é difícil para alguén que vexa a película non empatizar coas protagonistas. Se es unha persoa cun mínimo de sentimentos, empatizas desde o minuto un. O personaxe de Lucía é, a priori, unha rapaza moi calada, observadora. Se cadra non é tan fácil empatizar con ela ao principio do todo, pero logo te dás de conta que vai aguantando todo o que lle botan enriba, que non fai nada porque non pode. É algo que te rompe por dentro, vía as entrevistas das mozas da historia orixinal, con toda a documentación que tiñamos, e partíame a alma.

Como foi a experiencia de traballar con xente da túa idade? SM:

SM: Foi xenial porque non me pasara antes. Eu veño de traballar na serie *Amar es para siempre* e a maioría dos meus compañeiros eran moito maiores ca min. Aquí por fin fixen o meu grupiño de amigas actrices, que non nos vemos moi a miúdo pero cando nos vemos, é coma se levásenos toda a vida xuntas.

Na escena que se mostra a tripa de embarazada no espello, como foi a sensación de levala e que parece tan real? SM:

SM: Era unha prótese doutra actriz noutra película, pero que me viña perfectamente a min, xa que tiñamos as mesmas medidas, e paréceme súper bonito levar a doutra actriz. E recordo o primeiro día que a puxen que o resto do equipo ría porque eu non a quería quitar. Levala dábame unha pose, unha sensación distinta.

Que tal está a ser a acollida do filme en festivais como o recente BCN Film Fest? PT:

PT: Pois de momento está a ir moi ben. Si que é verdade que fixen un primeiro filme, moi pequeno e con pouca distribución, que se viu pouco, pero con este agardamos unha maior e mellor recepción, que acade o interese da xente por coñecer o tema do que fala a película. E canta máis xente o coñeza, mellor.